

Descobre as novidades no noso centro educativo.

As mellores experiencias da nosa comunidade educativa neste curso.

---

# BARRIÉ

DE LA MAZA



## O LARETEIRO DO XALLAS

---

“Educação não transforma o mundo. Educação muda as pessoas. Pessoas transformam o mundo.”

Paulo Freire

# W C D N I

|   |    |
|---|----|
| Educación Infantil.....                                       | 3  |
| 1º de Educación Primaria .....                                | 9  |
| 2º de Educación Primaria .....                                | 12 |
| 3º de Educación Primaria .....                                | 14 |
| 4 de Educación Primaria.....                                  | 20 |
| 5º de Educación Primaria .....                                | 24 |
| 6º de Educación Primaria .....                                | 28 |
| Educación musical .....                                       | 32 |
| Lingua estranxeira .....                                      | 35 |
| Aula Específica.....  | 37 |
| Departamento de Orientación .....                             | 38 |
| Proxecto de Innovación en Dinamización da Lingua Galega ..... | 41 |
| Proxecto de Vida Activa e Deportiva .....                     | 45 |
| Equipo TIC.....   | 47 |
| Equipo de Dinamización de Lingua Galega.....                  | 49 |
| Despedida alumnado de 6º de Educación Primaria .....          | 56 |

# EDUCACIÓN INFANTIL

O ALUMNADO DE EDUCACIÓN INFANTIL QUEREMOS AMOSARVOS ALGUNHAS  
DAS MOITAS ACTIVIDADES QUE FIXEMOS ESTE CURSO:

COMEZAMOS:

## O COCIÑEIRO MARTIÑO:

O NOSO PROFE IAGO LÓPEZ LEUNOS UN CONTO ESCRITO POR EL, **"O COCIÑEIRO MARTIÑO"**. Tivemos una granede misión , axudarlle a facer unha torta para a raíña.



# EDUCACIÓN INFANTIL

## OS CASTELOS .

DURANTE O PRIMEIRO E SEGUNDO TRIMESTRE TRABALLAMOS NO PROXECTO SOBRE OS CASTELOS, FIXEMOS UN MURAL QUE AS NENAS E NENOS DE 3º E 4º DE PRIMARIA NOS AXUDARON A TRANSFORMAR EN INTERACTIVO, GRAZAS!!!



# EDUCACIÓN INFANTIL

## DÍA DA PAZ:

PARA CONMEMORAR ESTE DÍA FIXEMOS UN TREN POLA PAZ



# EDUCACIÓN INFANTIL

## DÍA DE ROSALÍA.

**COLABORAMOS CON TODO O CENTRO NA ELABORACIÓN DUN COLLAGE SOBRE ESTA ESCRITORA.**



**O UNIVERSO: TRABALLAMOS NESTE PROXECTO NO TERCEIRO TRIMESTRE.**



# EDUCACIÓN INFANTIL

## DÍA DA MULLER.

VISITOUNOS REGINA MUÑIZ QUE NOS EXPLICOU MOITAS COUSAS SOBRE A SÚA GRANXA, "VILLA REGINA".



# EDUCACIÓN INFANTIL

## VISITA Á GRANXA DE VENTOSO EN LARACHA.

REALIZAMOS UNHA SAÍDA A ESTA GRANXA ONDE TIVEMOS Á OPORTUNIDADE DE COIDAR DIFERENTES ANIMAIS, MONTAR EN PONI, FACER PAN... FOI UN DÍA XENIAL.



ATA AQUÍ O NOSO PERCORRIDO , ESPERAMOS QUE VOS GUSTARA.



# 1º EDUCACIÓN PRIMARIA

---



## Día das Letras Galegas 2022. Florencio Delgado Gurriarán.

Os alumnos e alumnas de 1º fixemos moitas cousas este curso 2021/22: traballamos, xogamos, divertímonos... A continuación queremos mostrarvos unha das actividades que fixemos, onde escribimos e ilustramos varios poemas do poeta Florencio Delgado.





# 1º EDUCACIÓN PRIMARIA

Os rapaces e as rapazas de 1ºA traballamos cos seguintes poemas co profesor David: Pandeirada; Vente, ventinho do norte; Domadora de serpes; Galicia Infinda; Choiva; A Caldeira; Festas Folión de Vran.



# 1º EDUCACIÓN PRIMARIA

Os rapaces e as rapazas de 1ºB traballamos cos seguintes poemas coa profesora María: Muiñada; A Salve; San Xosé; Esquiadores; Andan os paxaros...; Saga do Río Pándigo.



# 2º EDUCACIÓN PRIMARIA



Menudo ano levamos andado! Un ano de moito traballo, si, pero cheo tamén de actividades moi divertidas! Traballamos en grupo, asistimos a contacontos, fixemos ioga...

A actividade que máis nos gustou foi, sen dúbida, a excursión que fixemos a Marcelle Natureza! Foi agotadora, pero moi chula!

PERO AÍNDA HAI MÁIS!



Comemos castañas no Magosto



Fomos á radio...



Celebramos o “Entrudo Xalleiro”



Traballamos as lecturas compartidas



Mesmo fixemos o xornal da nosa vila!

Tamén realizamos un tremendo traballo de investigación sobre dúas das civilizacións máis importantes da antigüidade!

Aprendemos e gozamos da Grecia Clásica

E perdémonos nas areas do Antigo Exipto!



# 3º EDUCACIÓN PRIMARIA

## MAGOSTO

Ademais da castañada celebrada no cole, os nenos e nenas de 3º creamos un mural con refráns e un recetario con produtos típicos destas datas.



Copa de castañas




Croquetas de castañas



Galletas de castaña e mel

25 N - DÍA INTERNACIONAL DA ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA  
CONTRA A MULLER



**CREACTIVITY**

**3ºA, 3ºB e 3ºC acoden a Creativity**



O alumnado de 3ºA, 3ºB e 3ºC tivo a oportunidade de participar en **Creativity**, un taller creativo itinerante organizado pola "Obra social La Caixa".

Puideron experimentar, crear, innovar... a través de 4 medios: a electricidade, vento, mecánica e stop-motion.

**NADAL**



Se pensades no Nadal galego que verbas e panxoliñas se vos ocorren? Escaneade os seguintes códigos QR para escoitalas.



Verbas en galego




Arre borriquito



Os peixes no río

## DÍA DA PAZ



## SANTA COMBA EN CORES



Tras visita guiada polos diferentes murais presentes no noso Concello, entrevistamos a Alberto Romar, presidente da Asociación de Empresarios de Santa Comba. Aquí vos deixamos a entrevista.





## 25 F. DÍA DE ROSALÍA DE CASTRO

### Un bo pandereiteiro

Un bo pandereiteiro  
de traxe sedán vestido  
coma un home cumprido,  
solitario e falangueiro,  
entre os mozos o primeiro  
e nas festividade sen par,  
tiña costume en bailar  
aló pola tardiña:  
Con esta miña pandeiretiña  
ás nenas hei de encantar.

Sempre polo pobo entraba  
con aquel de señorío;  
sempre con pouco brío  
coa gaita se acompañaba;  
e se a pandeireta tocaba,  
era tan doce tocar  
que ben fixera en tocar  
aló pola tardiña:  
con esta miña pandeiretiña  
ás nenas hei de encantar.



### Ola ríos, ola fontes

O que nunca estivo preto  
sabe o que é padecer,  
de cerca as penas aumentan  
para quen sabe perder.

Ola ríos, ola fontes,  
ola regatos pequenos  
ola vista dos meus ollos,  
non sei cando nos encontraremos!

Non me olvides, bonitiña,  
se vivo de soidás...

Cantas légoas mar afora...  
Miña Terra! Meu lugar!



11

Aló pola mañancinha  
subo enriba dos ~~arales~~,  
~~capallos~~, ~~capallos~~...  
como unha craba ~~capal~~  
para ~~sentir~~ sentir as campaniñas.  
a ~~Companha~~primeira.

A primeira do ~~arales~~  
que me traen os ~~arales~~,  
por verme máis ~~arales~~...

Por me ver menos ~~de somigues~~  
nas súas alas ma traen,  
rebuldeira e queixumbrosa.

Queixumbrosa e retembrando  
por entre a verde ~~fanxosidade~~,  
por entre a verde ~~arales~~...

E polo verde ~~arales~~

Por riba da veiga ~~chaim~~  
rebuldeira, rebuldeira.



Polo Día de Rosalía escollemos uns poemas escritos pola autora para facer as nosas propias versións. Se escaneades os códigos poderedes escoitalas.

## ENTROIDO





Chegado o "Entruido" disfrazámonos de xalleiros e xalleiras. Ademais de desfilar para poder ver todos os disfraces repartimos a cada parroquia produtos típicos destas datas feitos na área de Plástica como cacholas, orellas e chourizos. Tamén recibimos agasallos das outras parroquias!

## 8 M. DÍA INTERNACIONAL DA DA MULLER

Durante a semana do 8 de marzo celebramos no centro o Día Internacional da Muller invitando a mulleres destacadas da comarca. Nós tivemos o pracer de entrevistar a Beatriz Velo García, presidenta do Xallas F.C., e a Silvia Cancela Blanco, directiva da Federación Galega de Fútbol.



## CARTEIS POLA CONVIVENCIA



Para poder ter unha boa convivencia no cole, deseñamos carteis relacionados coa reciclaxe; o cumprimento de normas no comedor, biblioteca, aula e patios; o coitado do material...

## DÍA DO LIBRO



Representación do libro "O pirata Ataripo" e creación de marcapáxinas.

## DÍA DAS LETRAS GALEGAS



Polo día das Letras Galegas, dedicadas a Florencio Manuel Delgado Gurriarán, o segundo ciclo creamos este mosaico coa finalidade de atopar entre todas estas fotografías ao Florencio agochado. Atopádelo?

# 4º EP, COÑECENDO A NOSA CONTORNA

Tendo como punto de partida o proxecto proposto dende a nosa biblioteca escolar, "A nosa terra: Galicia. A nosa voz: a radio", propuxémonos que este curso escolar o noso obxectivo sería coñecer, valorar e afondar na nosa contorna. Aquí presentamos varias das actividades que realizamos.

Fixemos un percorrido por Santa Comba e atopamos murais, nos cales se pon de manifesto as actividades principais que se desenvolvían na comarca do Xallas no pasado, e a súa evolución.



Imos á feira!  
Aquí hai de todo!

Temos moi boas feiras: o Feirón, a feira do Gaiteiro e a feira Grande.



Sempre fomos e seguimos sendo agricultores e gandeiros, aínda que pouco a pouco melloramos nos aparellos do traballo.



Moita xente tivo que emigrar sen rumbo e descoñecendo o destino que lle esperaba. Outros, grazas á mina de Varilongo, sacaron as súas familias adiante.

Somos grandes deportistas. Hurra polo deporte xalleiro!




O noso é a foliada. Estamos sempre preparados para tocar a gaita ou a pandeireta e tamén para bailar a muiñeira.



## ONDE ESTAMOS E A QUE PARROQUIA PERTENCEMOS

Aprendemos que o noso concello está formado por dezasete parroquias e vimos o máis característico de cada unha delas.



Eu son da parroquia de San Xulián de Santa Sabiña, formada por once aldeas. Unha destas aldeas é Varilongo, o lugar que viu nacer, no ano 1872, ao poeta Pepe de Xan Baña. A temática principal das súas obras ten un carácter autobiográfico. Moitos dos seus poemas non se perderon porque foron pasando de boca en boca.

Tamén se atopan as minas de Varilongo, onde centos de persoas acudiron durante moitos anos para extraer minerais tales coma o volframio, o titanio e o arsénico. Foi o sustento de moitas familias.

## VIAXAMOS POLO MUNDO...



Aprendemos moito, pasámolo moi ben traballando en equipos e facendo esta actividade.



# EXCURSIÓN POLA NOSA CONTORNA

Comezamos a nosa excursión na area recreativa da Pereira por onde pasa un afluente do Xallas, o río Abuín. Andando, andando chegamos a un muíño de río. Canto aprendemos do seu funcionamento e ademais vimos en vivo e en directo como se moía o millo.



A nosa seguinte parada foi na área recreativa de San Salvador preto da mina de Varilongo. Alí xogamos ao Xogo da Mina no que tiñamos que buscar en equipos estaño e wolframio despois das explicacións do noso guía, o mineiro Pepe.



Rematamos na Casa do Pozo. Divertímonos moito construíndo con pedras a nosa vivenda celta e buscando alimentos, utensilios de cociña ...para sobrevivir no poboado celta.



Pasámolo XENIAL e descubrimos lugares da nosa contorna descoñecidos para nós e incluso tamén para a maioría dos xalleiros/as. ANIMÁDEVOS A FACER TURISMO NO NOSO CONCELLO. TEN MOITOS LUGARES PARA DESCUBRIR E GOZAR.


# 5º EDUCACIÓN PRIMARIA

## REFORMAS BARRIÉ S.L.

As alumnas e alumnos de 5º de Primaria estamos levando a cabo un proxecto relacionado coa creación dunha empresa de reformas para traballar os contidos matemáticos referentes ás unidades de medida aplicadas a contextos reais de aprendizaxe.. No desenvolvemento do proxecto calculamos perímetros, áreas, volumes e investigamos sobre os materiais axeitados para cada reforma, así como, os prezos e elaboramos un orzamento final.



PERIMETRAMOS  
PISTAS EXTERIORES  
PARA A COLOCACIÓN  
DE CERCAS



REPOÑEMOS  
MARCOS







**SUBSTITUÍMOS  
A AREA DOS  
ESPAZOS DE  
XOGO INFANTIL**



**RENOVAMOS  
CORTIZAS**



**CAMBIAMOS  
FIESTRAS E PORTAS**



**CAMBIAMOS  
ARQUETAS  
NOS PATIOS  
EXTERIORES**




**ACONDICIONAMOS  
ESPAZOS NATURAIS**





**SUBSTITUÍMOS  
BALDOSAS POR  
MADEIRA**





**ESTUDAMOS  
DETIDAMENTE CADA  
MELLORA, BUSCAMOS OS  
MELLORES MATERIAIS E  
ELABORAMOS OS PLANOS  
E O ORZAMENTO**



**ORZAMENTOS GRATUÍTOS.**

**CONTAMOS CON VÓS!**


# 6º de Educación Primaria A

O alumnado de 6º de EP A realizou unha actividade creativa vinculada coas TIC. Elaboraron un documento de Libre Office Writer no que pegaron unha foto súa realizada cos portátiles de EDIXGAL. Crearon ademais un código QR que leva a unha mensaxe sobre o que máis lle gustou da súa estancia no Barrié. O audio foi traballado coa aplicación Audacity. Posteriormente subiron o seu arquivo a unha carpeta compartida de Abalar Box creada para tal efecto.

Lembra que ao escanear un código debes premer en **"acceder como convidado"** para poder escoitar as súas mensaxes.







Quieres ler a historia  
da poesía?  
Escanea o código e  
descúbrea.

## 6º EP B

# LEMBRANZAS

O tempo xa chegou! é o momento de deixar atrás unha etapa da nosa vida. No colexio queda a nosa pegada nalgunhas tarefas que realizamos nel. Nós quedamos co recordo do noso esforzo e coas lembranzas marcadas a través do traballo de tantos e tantas profesoras que nos axudaron a medrar.



ATA SEMPRE!!!



# Educación Musical

## DANZA DOS CASTELOS

O alumnado de 6º de educación infantil aprendendo unha danza circular por parellas vencellada ao Proxecto dos Castellos.



## BAILANDO ÁS TANXUGUEIRAS



O alumnado de 5º e 6º de primaria bailando unha muiñeira coa canción “Terra” das Tanxugueiras: o fenómeno musical galego máis importante neste curso escolar. Aprenderon a súa estrutura e elementos básicos.

## A CLAVE DE SOL



Iniciándonos na lectoescritura musical a través de materiais manipulativos, realizamos un obradoiro de claves de sol con plastilina con 6º de EI.





## CONCERTO DIDÁCTICO “O GRANDE BEETHOVEN”

Concerto didáctico da Real Filharmonía de Galicia e o Servizo Educativo da Casa da Música (Oporto) no Auditorio de Galicia (Santiago de Compostela) co alumnado de 4º e 5º de primaria.



O alumnado do noso centro gozou dunha representación de luxo onde se narraba, de maneira lúdica, algunhas anécdotas da vida do compositor Ludwing Van Beethoven. Un auténtico autor revolucionario dentro da historia da música occidental, que nacía hai uns 250 anos na cidade alemá de Bönn.

Antes da sesión fotográfica cos protagonistas, remataron o concerto cantando o “Himno da Alegría” da súa 9º Sinfonía cunha letra en galego para felicitar ao prezado Beethoven polo seu aniversario.



## LINGUAXE MUSICAL

Traballando **linguaxe musical** con 1º e 2º de primaria: o pentagrama, a clave de sol e as notas musicais.

Aprendemos a entoar: sol, mi e do.



## ROBÓTICA E COMPOSICIÓN RÍTMICA

### “FROITEANDO”



Obradoiro de música, robótica e vida saudable.

Esta actividade desenvólvese con todos os grupos de educación primaria con diferentes metodoloxías.

Programouse en colaboración co departamento de TIC: aprenderon o que é un circuito aberto e pechado, cales son os materiais condutores e illantes, etc.

En 5º e 6º de primaria realizaron una composición rítmica por grupos utilizando os compases e figuras musicais traballados ao longo do curso.



# English Language



## SANTA COMBA, OUR HOME!!

From the Subject of English Language, the students of 4th, 5th and 6th Grade show the following Murals about Santa Comba, about Galicia.


Topics:



2.- Let's take care of the environment: recycling, positive and negative actions on it. We also show the importance of our town Santa Comba, in relation to the planet where we live (5th A and 5thB)



### 3.-The importance of stone and water and their uses. (6th A)



### 4.- The importance of plants: trees, forests. types of trees in Santa Comba. Uses of wood. (6th B)



**We hope that you enjoy our hard work!**



# AULA ESPECÍFICA

Ao longo do curso fixemos moitas actividades divertidas e interesantes, como por exemplo, tocar o piano ou unha especie de xilófono circular.




Divertímonos moito cando xogamos co confeti ou cos tallaríns na mesa de luz!



Tamén participamos en actividades do centro, onde a pintura é a principal protagonista.

# DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN



O 2 de abril é o Día Mundial de Concienciación sobre o Autismo. Un dos símbolos do autismo é unha peza de crebacabezas de varias cores.

O noso centro quixo facer a súa particular homenaxe cunha árbore chea de pezas de crebacabezas de diversas cores e debuxos.

Ao carón da árbore había unha mesa, cunha pequena escolma de libros sobre o tema.

O 2 de maio é o Día Internacional contra o Acoso Escolar .  
Algúns dos/as nosos/as alumnos/as quixeron concienciar sobre o tema, realizando carteis que colgaron polo centro.



Ao longo do curso, a porta da aula de pedagogía terapéutica estivo adornada de diversos motivos. Todos/as os/as alumnos/s da nosa aula participaron para que quedaran tan bonitas!

# PLASMANDO PALABRAS VIVAS

---

Neste curso, dentro do traballo de atención á diversidade, apostamos por xerar un espazo de creación colectiva para tod@s @s nen@s, unificando a narración oral coa expresión artística e a música.



Nesta actividade de carácter transversal e unificador, traballamos de xeito global a diversidade, a convivencia, o uso da lingua galega, as narracións orais e o fomento das mesmas, as TICs, a innovación, a educación emocional, a expresión corporal, o goce da música, etc... Foi unha actividade que buscaba desenvolver as competencias de xeito globalizador, mediante a expresión artística das nosas nen@s nun espazo inclusivo e motivador. Unificando a palabra, a música e a expresión, @s cativ@s escoitaban unha serie de contos, que ían plasmando de forma simultánea. Foi unha experiencia marabillosa, chea de creatividade e vida!!!!



# VOANDO POLA PAZ

---



Nas pequenas cousas de cada día, potenciar o uso de hábitos non violentos, achéganos a crear unha auténtica cultura da paz, onde as persoas, con toda a súa riqueza e diversidade, son o mellor exemplo para aprender, e comprender, o mundo no que estamos a vivir. Para tal fin, creamos para @s cativ@s un espazo de inclusión e creatividade para aprender a voar pola paz. O traballo compartido e goce de expresar o que somos e pensamos, e o mellor xeito para experimentalo!





# PROXECTO DE INNOVACIÓN EDUCATIVA EN DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA



**Obradoiro de Arrollos** a cargo dos artistas Faia Díaz e Guillerme Fernández para familias, persoal docente e non docente .





Faladoiro no “Barrié nas Ondas”, a nosa radio escolar, conducido polo periodista Xosé Manuel Lema. Acompañáronnos algunhas mulleres das asociacións rurais máis importantes do Xallas.



O profesorado do equipo de innovación, xunto co persoal non docente, realizou una performance como parte do plan de comunicación disruptiva do proxecto.





Presentación do proxecto en Radio Xallas con Esther e Graciela, na primeira fotografía e Leo e Livia na segunda.



Proxeccións nocturnas na fachada do cole como parte do plan de comunicación disruptiva.



Obradoiro de percusión tradicional coas Tanxugueiras.

Hugo, Iván, María e Iago pintando a base DM do Mapamundi interactivo onde se escoitarán todos os arrollos recibidos da comunicade educativa.



**TODO A PUNTO PARA  
A INAUGURACIÓN!**



# PROXECTO DE VIDA ACTIVA E DEPORTIVA

---

Este curso o Proxecto Deportivo de Centro no que levabamos traballando oito cursos pasa a chamarse PROXECTO DE VIDA ACTIVA E DEPORTIVA, xa que a Consellería de Cultura, Educación e Universidade decidiu cambiar a denominación do programa do Plan Proxecta+ para o presente curso académico 2021/2022 que xa remata.

A realidade actual que nos toca vivir con motivo desta crise sanitaria continúa limitando moitas das actividades que fixemos cursos pasados pero aínda así puxemos en práctica moitas outras para perseguir a finalidade do proxecto: ampliar o tempo de actividade física e deporte de toda a comunidade educativa para gozar do tempo de lecer, tendo en conta a realidade actual e o contexto de crise sanitaria no que nos atopamos e dunha forma máis activa e saudable.

Aínda que as restricións debido á situación sanitaria imposibilitan que continúe DIVERTIPATIO, aparcamos esta actividade para continua-la nun futuro, e continuamos organizando dinámicas como o concurso DIVERTICÁN, charlas, plataforma DAFIS, clases de ioga, saídas saudables, tenis na escola, etc.

A continuación explicamos algunha das actividades nas que traballamos este curso.

VISITA A NOSA WEB :

<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipbarriemaza/taxonomy/term/170>



Un ano máis o alumnado do CEIP Plurilingüe Barrié de la maza vai gozar dunha actividade de calma.

## CLASES DE IOGA

Do mesmo xeito que fixemos o curso pasado participamos nunha actividade de meditación e ioga impartida por Ana Liñares e na que participaron todos os grupos do centro. Durante os meses de xaneiro, febreiro e marzo no ximnasio do centro tiveron lugar estas clases que non deixaron indiferente tanto a alumnado como profesorado e ambos gozaron dos beneficios destas técnicas de relaxación e conexión co noso lado inconsciente. "Concertosono" foi a actividade que tivo lugar na que se pretendeu unha relaxación do corpo e da mente a través de actividades de son.



## DECÁLOGO DE ALIMENTACIÓN SAUDABLE

**GAÑADOR DO CONCURSO DIVERTICÁN 2021/2022**

“Un pouco de exercicio cada día, farache sentir de marabilla”.

A.L.L. 4ºA

PROXECTO DE VIDA ACTIVA E SAUDABLE  
CEP PLURILINGÜE BARRIE DE LA MAZA  
SANTA COMBA

**HÁBITOS SAUDABLES**

**ALIMENTACIÓN**  
Toma alimentos variados todos os días.

**EXERCICIO FÍSICO**  
Facer deporte aumenta a forza, a resistencia e a axilidade do corpo.

**HIXIENE**  
Lava as mans antes de cada comida, os dentes despois de comer e dúchate con frecuencia.

**DESCANSO**  
Dorme como mínimo 8 horas.

**POSTURA**  
Sentar recto e apóiate no respaldar da cadeira.

**DECÁLOGO DA ALIMENTACIÓN SAUDABLE**

CURSO 2021/2022

VISITA O BLOGUE  
<http://pdcbarriedelamaza.blogspot.com>

**APRENDER A COMER DESDE A INFANCIA**

- Unha alimentación completa e equilibrada conséguese cun menú variado e saudable que inclúa todos os grupos de alimentos.
- É bo repartir o que se come durante o día en 5 comidas: almorzo, parva, xantar, merenda e cea. Non é necesario “picar” nada máis entre horas.
- A dieta mediterránea é unha opción boa. Consiste en comer moitos vexetais (verduras, hortalizas, legumes), cereais (pan, pasta, arroz) e máis aves e peixe que carne vermella.
- No caso de saber que pola noite a cea será copiosa, é recomendable facer unha comida lixeira baseada en verduras, peixe e polo.

- Evita encher o plato do teu fillo/a. Non o presiones para que termine de comer. Ten en conta que o seu estómago é máis pequeno e necesita menor cantidade de alimentos.
- Insiste en comer despacio e mastigar ben.
- A auga é a única bebida necesaria e máis sa que calquera refresco, doce ou batido.
- Leva a conta da inversión de aforros dos teus fillos, elixindo sempre os produtos naturais sobre os industriais.
- Reduce o consumo de doces azúes e durante as festas. Substitúe os azúes por opcións máis saudables como o mel ou a stevia.

## EU MÓVOME NAS FINDES

Esta foi unha actividade que tivo continuación do curso pasado e na que incentivamos a que o alumnado fixera exercicio durante as fins de semana en lugares do noso contorno natural: montes, fragas, ríos, parques, etc. No centro fixemos un mural con todas as fotografías recibidas por eles e elas.



# Un ano de TICs

Este curso académico cambiaron espazos dixitais no noso centro. Mellorouse a aula 30 para convertila nun espazo multifuncional. Adquiriuse novo material informático e solventáronse numerosas incidencias. Ademais da intensa formación do profesorado, tamén se realizou a solicitude dos Polos Creativos, unha iniciativa da Consellería que pode traer importantes cambios en infraestrutura tecnolóxica para o noso centro.



## FORMACION DO PROFESORADO?

O Profesorado do CEIP Plurilingüe Barrié de la Maza adquiriu de novo un forte compromiso coa súa formación neste curso académico

Información Tema 1. Conceptos básicos de EDIXGAL Tema 2. Editoras e contidos Tema 3. Creación de Grupos e Ferramentas de autor

Tema 4. O cualificador en EDIXGAL

**APRENDE O BÁSICO DE EDIXGAL NESTE PEQUEÑO CURSO**

Benvindas e benvindos a este curso sobre EDIXGAL.

O curso terá unha duración de 6 horas. Coma sempre teredes dispoñibles aquí todos os contidos.

INFORMACIÓN Sesión 1 - 24/11/2020 Sesión 2 - 19/01/2021 Sesión 3 - 24/02/2021 Sesión 4 - 16/03/2021 Sesión 1 - 16/11/21 Sesión 2 - 30/11/2021

Sesión 3 - 11/12/2021 Sesión 4 - 25/01/2022 Sesión 5 - 08/03/2022 Sesión 6 - 14/03/2022

**Proxectos de Formación Permanente do Profesorado**

**INFORMACIÓN E CONTIDOS DO CURSO DE PROGRAMACIÓN E ROBÓTICA VINCULADO AO PFPD PARA O PROFESORADO**

## ACTIVIDADES REALIZADAS CO ALUMNADO

A miña materia Edica QuizPlaneta Netes-Smart Dist

**Club de Ciencia (STEM)**

science technology engineering mathematics

**S T E M**

**CLUB DE CIENCIA STEM**

CEIP PLURILINGÜE BARRIÉ DE LA MAZA

Noticias

- segunda hora con alumnos de pára de sala
- Para de novas
- Para practicar mecanografía

Grazas á formación realizada en robótica, incorporáronse outras tres unidades para o alumnado de 5º e 6º de Educación Primaria centradas en programación de videoxogos. Estas unidades forman parte do Club de Ciencia STEM que se inaugurou no curso pasado.

# FROITEANDO




Escanéame!

# DJ MAKEY MAKEY



Escanéame!



# OS SONS DO CASTELO



Escanéame!



# Equipo de Dinamización da Lingua Galega

## BARRIEGOSTO

O magosto do noso Barrié amenizado polo famoso artista galego Xoán Curiel.



A música fíxonos despegar e o resto foi coser e cantar!  
Lembrade que quen traballa e canta, o seu mal espanta!



## 23 DE FEBREIRO | DÍA DE ROSALÍA

Este ano conmemoramos á autora cun collage colectivo no que participou todo o centro.

A Xunta de Galicia e as institucións vencelladas á autora deciden cambiar a efeméride tras a aparición de nova documentación que desvela a súa data real de nacemento.

Este cambio prodúcese despois de que a investigadora galega Sagrario Abelleira revelase o pasado ano nova documentación que acredita a data de nacemento real nese día, dando a coñecer ademais datos inéditos sobre a vida da nosa autora máis recoñecida e da do seu home, Manuel Murguía.



Hugo de 4º de educación infantil quixo sentar con Rosalía e ler un pouquiño con ela.

Ademais o alumnado de 3º e 4º de primaria recitaron poemas na radio escolar.



Os **raps rosalianos** de 5º e 6º de EP tamén causaron furor no cole!

Podedes escoitar todo isto na **web do centro**, premendo na lapela do Día de Rosalía



**LETRAS GALEGAS | 2022**  
**Florencio Delgado Gurriarán**

Un ano máis celebramos as nosas Letras homenaxeando ao autor Florencio Delgado, orixinario da terra de Valdeorras. Ademais de levar a cabo diferentes unidades didácticas, realizáronse lecturas da súa obra por parte do persoal non docente, un obradoiro de chapas, un programa de radio monográfico e ata fixemos una xincana procurando a Florencio por todo o cole!



## ENTRUIDO XALLEIRO



A comunidade educativa participou na recompilación de fotografías.

A temática principal era investigar como se celebraba o antigo entroido en Santa Comba para despois reproducilo e *correr o entroido* no centro escolar.

## “AS XENERALAS DA ULLA”

Cachirulo Teatro amenizounos a semana de entroido co seu espectáculo de títeres: “As xeneralas da Ulla”.

Dúas xeneralas e dúas correos percorren as rúas a caballo dando vivas e facendo os seus atranques para ensinarnos logo, as vestimentas típicas de cada entroido galego.



## 8 M | DÍA INTERNACIONAL DA MULLER



Un ano máis, o alumnado do centro tivo a oportunidade de interaccionar con mulleres relevantes na terra do Xallas e así coñecer a súa traxectoria en diferentes ámbitos.



Obradoiro de escritura creativa *O poder das (non tan) pequenas cousas* levado a cabo por Andrea Barreira co alumnado de 5º e 6º de primaria.



Educación Infantil nun dos faladoiros das Mulleres




Visita de Regina Muñiz

**RE-CONSTRUÍRMONOS  
LÚA TRIANGULAR**


Un conxunto de actividades con perspectiva de xénero que persegue que as crianzas reflexionen sobre o que lles teñen contado e como poden mudar o mundo para facer del un lugar mellor e onde convivir todas, todos e todes.

Por unha banda, todo o alumnado do centro gozou do espectáculo musical “Lúa triangular. Nada é imposible!”, creado e executado pola marabillosa música galega

Jara Ortiz.




Por outra banda, o alumnado de 5º e 6º de EP realizou un obradoiro de escrita creativa impartido por Andrea Barreira titulado “O poder das (non tan) pequenas cousas”.



Ámbalas dúas actividades están inspiradas no libro “Marta e Píntega de Eli Ríos (ed. Galaxia).





E un ano máis ... temos que despedir á nosa cativada máis maior que muda de etapa vital!



A todas, todos e todes... moita sorte, cabeza e corazón!



Esforzo e ilusión son a chave da vosa construción !